

O factor â?? Pepeâ??

Description

O semanario uruguaio de análise e información *Brecha* ⁽¹⁾, reflecta no seu último número de agosto unha curiosa radiografía do presidente José Pepe Mujica, ilustrando como a súa popularidade no exterior contradicte con determinados índices de desaprobación interna. De feito, a mediados de agosto, unha enquisa da consultora Equipos Mori ⁽²⁾ informou que un 40% dos enquisados desaprobaban a xestión de Mujica (por un 38% a favor), toda vez que para os votantes dentro da coalición gobernante Frente Ampla (FA), a popularidade de Mujica rexistraba un sólido 75%. Non obstante, este índice amósase por detrás do 80% de popularidade acadado polo ex presidente *frentista* Tabaré Vázquez, quen recentemente presentou a súa candidatura dentro da FA para os comicios presidenciais de 2014.

O semanario uruguaio de análise e información *Brecha* ⁽¹⁾, reflecta no seu último número de agosto unha curiosa radiografía do presidente José Pepe Mujica, ilustrando como a súa popularidade no exterior contradicte con determinados índices de desaprobación interna. De feito, a mediados de agosto, unha enquisa da consultora Equipos Mori ⁽²⁾ informou que un 40% dos enquisados desaprobaban a xestión de Mujica (por un 38% a favor), toda vez que para os votantes dentro da coalición gobernante Frente Ampla (FA), a popularidade de Mujica rexistraba un sólido 75%. Non obstante, este índice amósase por detrás do 80% de popularidade acadado polo ex presidente *frentista* Tabaré Vázquez, quen recentemente presentou a súa candidatura dentro da FA para os comicios presidenciais de 2014.

Na presidencia desde 2010, Mujica (78 anos), un ex guerrilleiro cuxa elección presidencial consolidou institucionalmente a transición democrática uruguaia, imprimiu un estilo moi persoal á presidencia do seu país. Cun estilo sobrio raiando na modestia e na austeridade (considérase que dona un 90% do seu salario para fins sociais) ⁽³⁾, incluso transmitindo unha imaxe informal e desaliñada ⁽⁴⁾, Mujica recada notables empatías e simpatías no exterior, ofrecendo unha cara amable e de confianza cuxos paralelismos poden establecerse co ex presidente brasileiro Lula da Silva, precisamente un referente moi próximo para Mujica.

Probablemente tomando en conta o peso que supón a súa condición de ex guerrilleiro (na década de 1960 participou no Movemento de Liberación Nacional-Tupamaros), Mujica estase a converter nun hipotético actor chave na mediación internacional do proceso de paz en Colombia, unha vez ofrecera a Montevideo como sede alternativa dos diálogos de paz que levan a cabo en Cuba o goberno colombiano de Juan Manuel Santos coa guerrilla das FARC. Esta oferta de diálogo foi incluso ampliada cara o ELN, a outra guerrilla colombiana. Con todo, convencido da necesidade de concreción de intereses con Brasil no marco do MERCOSUR, Mujica non escapa dos tradicionais roces e tensións existentes nas relacións bilaterais coa veciña Arxentina.

Noutros aspectos, Uruguai foi noticia recentemente nos medios internacionais pola adopción governamental de políticas de corte progresista como a legalización da marihuana e do matrimonio homosexual. Pero a xestión de Mujica inclúe un amplo abano de medidas como a promoción de políticas de formalización laboral, o compromiso pola integración rexional con carácter social (aproximadamente o 90% das súas visitas exteriores foron a países suramericanos, especialmente Arxentina, Brasil, Venezuela, Perú e Chile) e a súa aposta pola Cooperación Sur-Sur. Con este bagaxe, diversas ONGs e entidades internacionais acaban de promover a Mujica como candidato para o Premio Nobel da Paz 2013, unha proposición tomada precisamente con cautela polo propio Mujica ⁽⁵⁾.

Quizais o contexto preelectoral 2014, co retorno de Tabaré ao centro da escena política uruguaia, así como a imposibilidade constitucional de reelección presidencial, sexan factores que lle resten a Mujica certo nivel de protagonismo, eclipsando internamente esa imaxe de aprobación e simpatía coa que conta dende o exterior. Así e todo, o talante modesto e conciliador de Pepe Mujica fuxe claramente de calquera pretensión de protagonismo e de ambicións políticas hexemónicas. Sen dúbida, un presidente sumamente peculiar en momentos tan críticos para a política.

- (1) LANZA, Edison, «El MÃjica Global», *Brecha* (Uruguai), NÂº 1.447, 16 de agosto de 2013.
- (2) «El 40% desaprueba gestiÃ³n de presidente MÃjica», *Infolatam* (EspaÃ±a), 25 de agosto de 2013. Ver en: <http://www.infolatam.com/2013/08/25/el-40-desaprueba-gestion-de-presidente-mujica/>
- (3) CAPELLI, Dino; «MÃjica, el presidente mÃjs pobre», *El Mundo* (EspaÃ±a), 25 de maio de 2012. Ver en: <http://www.elmundo.es/america/2012/05/25/noticias/1337961914.html>
- (4) «El MÃjica global», op.cit.
- (5) Ibid.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

LatinoamÃ©rica

ETIQUETAS

Uruguai Pepe MÃjica goberno

IDIOMA

Galego

Date Created

Agosto 29, 2013

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2013-08-29 00:00:00